



Baiona, 06 de setembro de 2007

**De:** Bloque Nacionalista Galego - Baiona

**Para:** Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galiza

**Asunto:** Alegacións á construción do Parque Eólico Albariño I

Roberto Valverde Sabín, maior de idade, có DNI nº 76994128-H, responsable local do Bloque Nacionalista Galego en Baiona, con domicilio a efectos de notificación na rúa Santa Liberata, 6 - Baixo, Baiona.

**ALEGA:**

Primeiro.- Afección ao patrimonio arqueolóxico: A área afectada pola instalación do Parque Eólico Albariño I é unha zona inzada de arte rupestre, catalogada e sen catalogar. Moita desta arte rupestre non figura no informe arqueolóxico solicitado como requisito de aprobación do Parque Eólico. Relatorio de casos: Alto da Secreta, petroglifos do Castelo, Fonte Salgueira, Pedra do Acordo.

O maior labirinto gravado de Europa sofre un impacto severo, debido á construción dos aeroxeneradores 15 e 16 na súa área de afección.

Segundo.- Afección ao patrimonio etnográfico: Póñense en perigo os curros que se celebran cada verán en San Cobrán, Mougás, Torroña e A Valga, festas ancestrais de enorme valor etnográfico, cultural e turístico. A extensión de terreos que ocuparía o Parque, dous millóns de metros cadrados para 21 aeroxeradores, levaría aparellados graves danos á cabana de cabalo de pura raza galega, arredor de 2.500 exemplares, tanto pola presenza dos aeroxeradores como pola diminución sensible dos pastos.

Terceiro.- Nacemento de tres vertentes de augas: río da groba, río Tamuxe e ríos de Mougás (pozas) e Viladesuso.



Cuarto.- A zona afectada por este Parque Eólico é dunha gran riqueza arqueolóxica que se vería gravemente afectada polas actuacións proxectadas. Ademais da protección legal da que son obxecto estes xacementos, son varios os colectivos e asociacións que traballan na divulgación e posta en valor deste importante patrimonio, traballo que se vería truncado coa perpetración deste proxecto:

- A Mámoa do Arreiro 1 e a Mámoa do Arreiro 3 sufrirían un impacto severo coa realización desta obra.
- A Mámoa do Arreiro 2 sufriría un impacto moderado coa realización da obra proxectada.
- Os seguintes petroglifos sufrirían un impacto severo coa realización do proxecto:

Petroglifo do Alto do Lousado 1, Petroglifo do Alto do Lousado 2, Petroglifo do Alto do Lousado 3, Petroglifo do Alto do Corrubelo 1, Petroglifo do Alto do Corrubelo 2, Petroglifo do Alto do Corrubelo 3, Petroglifo do Alto do Corrubelo 6, Petroglifo do Alto do Corrubelo 7, Petroglifo do Alto do Corrubelo 10, Petroglifo do Alto do Corrubelo 15, Petroglifo da Portela 2 e Petroglifo de Xigüente 1.

Quinto.- No proxecto non se consideran os topónimos susceptibles de acubillar xacementos: as leiriñas dos campos de trigo, o casteliño, a cruz da calzada, as malladiñas, o peito do meixón verde, os cortelliños, o cortello do porco.

Sexto.- Non se considera unha trampa para lobos antiga emprazada no Foxo Pedriño e se produce unha afectación directa do Castelo de TORROÑA, con forte carga histórica e lendaria.

Sétimo.- Na zona afectada se atopan puntos de minería histórica e prehistórica, antiga extracción de ouro e wolfram.



Octavo.- A zona de afección do Parque Eólico Albariño I coincide cáseque con exactitude coa zona afectada polos incendios do 2006. Se ben non hai probas materiais de delitos, cómpre ter en conta a idoneidade ética desta actuación. Adxúntase plano da zona afectada polo lume, proporcionada pola Consellería de Medio Rural, superpondo 16 aeroxeneradores dos proxectados.

**POLO QUE SOLICITA:**

Se teñan en conta as presentes ALEGACIÓNS, á hora de estimar ou non a aprobación do proxecto de construción do citado Parque Eólico.

Roberto Valverde Sabín  
Responsable Local do BNG en Baiona



## SUPERPOSICIÓN AEROXENERADORES - LUMES VERÁN 2006

